

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Expte: 2035/1102

Asunto: solicitude de acceso a información pública

ANTECEDENTES

En data 03.12.2025 [REDACTED], solicita acceso a información pública en materia contractual, concretamente prórrogas contractuais, continuidades de feito, levantamentos de reparo, omisión de fiscalización e recoñecemento extraxudiciais de crédito.

En data 17.02.2026 solicitouse informe mediante aos servizos de limpeza, Montes, Parques e Xardíns, Transportes, Área de Benestar Social e Intervención.

En data 18.02.2026 emitíuse informe da Intervención Xeral,

En data 25.02.2026 emitiu informe do servizo de Limpeza.

En data 1.04.2026 emitiu informe do servizo de Transportes.

En data 14.04.2026 reiterouse o informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns.

En data 17.04.2026 emitiu informe da Área de Benestar.

En data 21.04.2026 emitiu informe de Montes, Parques e xardíns.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)

Copia do documento - Concello de Vigo
2035-1102

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 1 de 14

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

O réxime xurídico previsto para ao acceso á información pública na Lei 19/2013, do 9 de decembro(LTAIBG), os seus límites e o procedemento que ha de seguirse, tan só

Copia do documento - Concello de Vigo
2035-1102

Data impresión: 14/05/2026 12:54 Páxina 2 de 14

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



quedan desprazadas, actuando neste caso como supletoria, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e específico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da LTAIBG).

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-

O solicitante interesa acceso a información pública relativa ao seguinte:

I. TRANSPORTE URBANO (VITRASA)

1. Copia íntegra do contrato orixinal de concesión do transporte urbano (VITRASA), incluíndo: °data de formalización, °duración inicial, °réxime de prórrogas previsto en pregos.
2. Copia íntegra de todos os acordos de prórroga ou continuidade do servizo adoptados desde 2019, incluíndo: acordos de Xunta de Goberno ou Pleno; informes técnicos; informes de Secretaría, informes de Intervención, xustificación da urxencia ou do "tempo imprescindible".
3. Cronoloxía administrativa completa do procedemento de nova licitación: °data de inicio do expediente; fases de tramitación, °incidencias, °recursos ou suspensións.
4. Informe económico de impacto derivado das prórrogas/continuidades, con desagregación de pagos mensuais durante os períodos prorrogados.

II. SERVIZO DE ZONAS VERDES (EXPEDIENTE 7614-446)

1. Copia íntegra do expediente 7614-446 (conservación e reposición de zonas verdes), incluíndo pregos, adxudicación, formalización, duración inicial e réxime de prórrogas.
2. Copia íntegra do acordo do 11 de xuño de 2020 polo que se acordou a continuidade ou prórroga forzosa do servizo.
3. Copia de todos os informes xurídicos e de Intervención que precederon ao devandito acordo.
4. Documentación relativa a calquera pronunciamento xudicial sobre a devandita continuidade, incluíndo, sentenzas, autos, execución ou consecuencias económicas.
5. Facturación e pagos realizados durante o período de continuidade forzosa.

Copia do documento - Concello de Vigo
2035-1102

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 3 de 14

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



III. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

1. Relación completa de contratos do SAF desde 2019, con; adxudicatario, duración, prórrogas previstas e acordadas, incluíndo; informes de Intervención, informes xurídicos, decretos ou acordos que autoricen continuidade, eventuais reparos e o seu levantamento.
2. Documentación relativa a calquera período no que o servizo se prestase sen contrato formal vixente
3. Expediente íntegro relativo ao recoñecemento de obrigacións ou indemnización por prestación do servizo en período sen cobertura contractual.
4. Estado procesual de recursos administrativos ou xudiciais relacionados co contrato do SAF.

IV. RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA

1. Relación completa de contratos vixentes desde 2019 en materia d, recollida de residuos, limpeza viaria, tratamento, xestión asociada.
2. Cronoloxía do proceso de licitación do novo contrato de servizos urbanos (incluído o de maior contía adxudicado nos últimos anos), detallando: externalización do contrato anterior, medidas transitorias adoptadas, existencia ou non de continuidade forzosa.
3. Copia íntegra de calquera expediente de prórroga, continuidade provisional, omisión de fiscalización, recoñecemento extraxudicial de crédito relacionado con estes servizos.

V. REPAROS E CONTROL INTERNO

1. Relación completa de reparos emitidos por Intervención desde 2019 en materia de contratación dos servizos anteriormente citados.
2. Copia íntegra dos expedientes de levantamento de reparo, con motivación.
3. Relación de expedientes de omisión de fiscalización previa, se existen"

O solicitante fundamenta a súa petición en *"Que el acceso a la información pública constituye instrumento esencial para garantizar la legalidad en materia de contratación pública, particularmente en lo relativo a prórrogas contractuales, continuidades de hecho, levantamientos de reparo, omisión de scalización y reconocimientos extrajudiciales de crédito.*

Que existen referencias públicas que aconsejan una revisión documental completa en

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 4 de 14

2035-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



determinados contratos municipais de especial relevancia".

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que "A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Asi mesmo, a a Sentenza non 46/2017, do 22 de xuño de 2017, do Xulgado Central do Contencioso-Administrativo non 2 de Madrid, ditada no PO 38/20164 e que se pronuncia nos seguintes termos: "*O dereito de acceso á información é un dereito fundamental recoñecido a nivel internacional como tal, debido á natureza representativa dos gobernos democráticos; é un dereito esencial para promover a transparencia das institucións públicas e para fomentar a participación cidadá na toma de decisións. Ademais, as Administracións Públicas fináncianse con fondos procedentes dos contribuíntes e a súa misión principal consiste en servir aos cidadáns polo que toda a información que xeran e posúen pertence á cidadanía. Poden distinguirse dous aspectos en canto ao dereito ao acceso á información: Transparencia proactiva, como aquela obrigaón dos organismos públicos de publicar e dar a coñecer a información sobre as súas actividades, orzamentos e políticas e a Transparencia reactiva: É o dereito dos cidadáns de solicitar aos funcionarios públicos calquera tipo de información de e o dereito para recibir unha resposta documentada e satisfactoria*".

En materia de publicidade activa o artigo 5.1 da LTAIBG determina que as Entidades Locais están obrigadas a publicar "de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a *transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública*". E, concretamente, respecto os contratos a letra a) do artigo 8.1 da LTAIBG prevé que as administracións "*deberán facer pública, como mínimo, "a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria que se indican a continuación*", especificándose na materia que agora interesa o seguinte:

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 5 de 14

2035-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



"a) Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicitouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente. Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público"

Así mesmo o artigo 63 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público que os órganos de contratación difundirán exclusivamente a través de Internet o seu perfil de contratante, como elemento que agrupa a información e documentos relativos á súa actividade contractual ao obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público aos mesmos establecendo no paragrafo terceira a documentación mínima obrigatoria que deberá publicarse. E concretamente, conforme o paragrafo terceiro de dito artigo no caso da información relativa aos contratos, deberá publicarse polo menos a seguinte información:

- a) A memoria xustificativa do contrato, o informe de insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos, a xustificación do procedemento utilizado para a súa adxudicación cando se utilice un procedemento distinto do aberto ou do restrinxido, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que haxan de rexeir o contrato ou documentos equivalentes, no seu caso, e o documento de aprobación do expediente.
- b) O obxecto detallado do contrato, a súa duración, o orzamento basee de licitación e o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
- c) Os anuncios de información previa, de convocatoria das licitacións, de adxudicación e de formalización dos contratos, os anuncios de modificación e a súa xustificación, os anuncios de concursos de proxectos e de resultados de concursos de proxectos, coas excepcións establecidas nas normas dos negociados sen publicidade.
- d) Os medios a través dos que, no seu caso, publicitouse o contrato e as ligazóns a esas publicacións.
- e) O número e identidade dos licitadores participantes no procedemento, así como

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 6 de 14

2035-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



todas as actas da mesa de contratación relativas ao procedemento de adxudicación ou, no caso de non actuar a mesa, as resolucións do servizo ou órgano de contratación correspondente, o informe de valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante un xuízo de valor de cada unha das ofertas, no seu caso, os informes sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade a que se refire o artigo 149.4 e, en todo caso, a resolución de adxudicación do contrato. I

Igualmente serán obxecto de publicación no perfil de contratante a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, a desistencia do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos."

Así mesmo, os acordos adoptados polo órgano de contratación do Concello de Vigo (Xunta de Goberno local) son recollidas nas respectivas actas que son obxecto de publicidade activa no portal de transparencia aos que pode acceder no seguinte enlaceXX

Neste senso, segundo consta no portal de transparencia " *Dende abril de 2018 os contratos formalizados do Concello de Vigo deberán consultarse en la Plataforma de Contratación del Sector Público*" a través do seguinte enlace https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma/perfil_contratante/lista_perfiles/!ut/p/z1/hZBPT8JAEMU_C4f2Zmf6n5o0piDUNhoRQqV7MYtdysZ2t9muxPDp3RiPoHObmfd-eTNAYAdE0BNvqeZS0A5qqEn8IIWLI6xIfMzXqwV6s3UcBctn0yJse_rFe35mDWyAAOHNbIA6CeLEjclE8GoSXfWjBxW8_ichZo1XKkPjJz-S0J8HVVmtok2RIxYPy_vHrRti7kW_gj8YJZC2k3tzsAmcib0_bYEodmCKKedTmfFR62G8tdBCragYB6qYeOfUMB-SjlStHxe8SV13ams-yJR1zOaapmh3VLQpGy-Bj3LUslvMg6EvT-f5zcfhSYd1Npl8AzmXo8!/dz/d5/L2dBISEvZ0FBIS9nQSEh/

O Consejo de Transparencia y Buen Gobierno en resolución 152/2020 dispon "que la citada finalidad de la LTAIBG (conocer cómo se toman las decisiones que les afectan, cómo se manejan los fondos públicos o bajo qué criterios actúan nuestras instituciones) en este caso se garantiza, como la propia reclamante señala, con la previsión contenida en el artículo 8.1.a) de la LTAIBG, que prevé que la información relativa a la materia de "contratos" debe ser publicada de oficio. No, con la pretensión de recurrir la licitación y adjudicación de un contrato de servicios, con independencia del derecho que se tenga a ello y que a este Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no le corresponde valorar, que es una cuestión particular.

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Página 7 de 14

2035-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



Por todo ello, si el/ la solicitante considera que tiene derecho como interesada a acceder al expediente de contratación y a interponer un recurso especial en materia de contratación, o el que considere oportuno frente a la licitación y adjudicación del contrato, deberá utilizar las vías de impugnación previstas."

E por isto polo que en materia de contratación, a finalidade da LTAIBG cúmprese coa información contractual obxecto de publicidade activa nos termos do artigo 63 da LCSP en relación co art. 8.1.a) da LTAIG.

Neste marco xurídico, solicitouse informes aos servizos xestores da información pública solicitada resultando o seguinte

I. TRANSPORTE URBANO (VITRASA)

Mediante informe da xefatura do servizo de data 01.04.2026 remítese a seguinte documentación

"Copia do prego de condicións do transporte urbano colectivo de viaxeiros aprobado na data 26 de maio de 1994.

Copia do contrato do citado servizo de data 8 de xuño de 1995.

Copia do acordo de prorroga do contrato de data 5 de xuño de 2020, así como do informe de Intervención e Asesoría Xurídica

Copia informe proposta do acordo de continuidade da concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, así como do Acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 30 de maio de 2025.

Así mesmo, faise constar " A data de creación do expediente de tramitación do novo contrato e o 27 de febreiro de 2024, estando en fase de licitación na data actual. Ate a data e derivado do ultimo acordo de continuidade adoptado aínda non se derivou ningún pago a actual empresa concesionaria"

II. SERVIZO DE ZONAS VERDES (EXPEDIENTE 7614-446)

Mediante informe da Xefatura do Servizo de Montes, parques e Xardíns de data remite mediante acceso ao seguinte ligazón:

<https://sede.vigo.org/nube/index.php/s/xexBkNew8cpETQS> a documentación que a continuación se relaciona respecto do procedemento aberto para a contratación do Servizo de Mantemento e Conservación de Zonas Verdes (expte. 7614/446)

Copia do documento - Concello de Vigo
2035-1102

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 8 de 14

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



1. Xustificación da necesidade.
2. Orde de inicio.
3. Memoria xustificativa.
4. Prego de prescricións técnicas.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares.
6. Acordo da Xunta de Goberno Local, aprobación do procedemento.
7. Acordo da Xunta de Goberno Local, adxudicación.
8. Contrato.
9. Informe prórroga.
10. Informe xurídico.
11. Informe alegacións á prórroga.
12. Acordo da Xunta de Goberno Local, aprobación da continuidade na prestación do servizo.
13. Sentenza 216/2021, ditada no RCA 260 /2020, PO., inadmite o recurso contra a continuidade do servizo.
14. Facturas do período comprendido entre xuño 2020 e xaneiro 2021.

III. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Mediante informe da xefatura da Área de Benestar de data 17.04.2026 faise constar “
Con data 25/02/2026, seguindo instrucións do departamento de informática facilitouse acceso ao solicitante á documentación que obra en dito expediente.

-Uns días despois contactouse telefonicamente co interesado e este manifesta que recibiu o enlace pero que daba un erro ao abrir os arquivos.

-Con data 02/03/2026 volvese a a realizar o proceso de posta a disposición da documentación a través da "nube".

- Con data 03/03/2026 realizase chamada telefónica ao interesado e remítese correo electrónico co novo enlace de acceso:

<https://sede.vigo.org/nube/index.php/s/6xN6Bq57nQ4B8KZ>

Ao non ter recibido nada que indicase que dito enlace non funcionada ou calquera outra cuestión deuse por realizado o trámite de posta á disposición”

IV. RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA

Mediante informe da xefatura do servizo de limpeza de data 25.02.2026 infórmase

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 9 de 14

2035-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



" No día 01/01/2019 o Concello de Vigo tiña en vigor o "CONTRATO MAIOR DE SERVICIOS DO SERVIZO DE LIMPEZA : RECOLLIDA, TRANSPORTE E XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO POR LOTES" (Expdte: 6619-252), que se iniciara o día 01/04/2018. O expediente referido está accesible na sede electrónica (perfil do contratante) do Concello de Vigo, na seguinte ligazón:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/licitacion.jsp?id=844&lang=es>

Este contrato rematou o día 01/03/2020 e foi prorrogado por un ano por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 26/03/2020, tramitado no expediente 7425-252 (PRÓRROGA DO CONTRATO POR PROCEDIMENTO ABERTO PARA CONTRATAR OS SERVICIOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA E RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DA CIDADE DE VIGO POR LOTES). O acordo de prórroga está accesible na sede electrónica, no apartado de actas da Xunta de goberno local do ano 2020 na seguinte ligazón:

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/actas_od.jsp?ano=2020&t=ACTA&id=1

Débese acceder á acta do día 26 de marzo e localizar o punto cuarto do acordo que se inicia co seguinte teor literal:

"4(209).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVICIOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS. EXPTE. 7425/252. Visto o informe xurídico do 18/03/2020 e o informe de fiscalización do 20/03/2020, dáse conta dos seguintes informes:"

A primeira prórroga rematou o día 31/03/2021 e o contrato foi prorrogado por outro ano máis por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 25/03/2021, tramitado no expediente 7596-252 (PRORROGA DO CONTRATO DOS SERVICIOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA E RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DA CIDADE DE VIGO POR LOTES). O acordo de prórroga está accesible na sede electrónica, no apartado de actas da Xunta de goberno local do ano 2021 na seguinte ligazón:

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/actas_od_new.jsp?ano=2021&id=1

Débese acceder á acta do día 25 de marzo e localizar o punto oitavo do acordo que se inicia co seguinte teor literal:

"8(224).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVICIOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DA CIDADE DE VIGO. 7596/252. Visto o informe xurídico do 11/03/21 e o informe de fiscalización do 16/03/21, dáse conta do informe-proposta do 09/03/21, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe do Servizo Xurídico Servizos

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 10 de 14

2035-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:..."

O contrato referido incluídas as prórrogas, rematou definitivamente o día 30/06/2022, iniciándose o novo contrato o día 1 de xullo dese ano e que é o que continúa vixente na actualidade.

O novo contrato tramitouse no expediente 7645-252 coa denominación: EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN SOSTIBLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR. Este expediente está accesible na plataforma de contratación do sector público, na seguinte ligazón:

[https://contrataciondelestado.es/wps/poc?
uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=Ut6NYa4QN1eXQV0WE7IYPw%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=Ut6NYa4QN1eXQV0WE7IYPw%3D%3D)

B.- polo que respecta á continuidade na prestación entre ambos contratos:

En data 30/03/2022 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión extraordinaria e urxente acordou: "A *continuidade de prestación do contrato dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo (expediente 6619-252) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato*", debido a que a derradeira prórroga remataba ese mesmo día e o novo contrato non entrara en servizo. Esta continuidade tivo efectos dende o día 1 de abril ata o 30 de xuño do 2022 (3 meses).

Este acordo de continuidade está accesible na sede electrónica, no apartado de actas da Xunta de goberno local do día 30, na seguinte ligazón:

https://sede.vigo.org/expedientes//actas/actas_od.jsp?ano=2022&t=ACTA&id=1

Débese acceder á acta do día 31 de marzo e localizar o punto 2 do acordo que se inicia co seguinte teor literal:

"202(208).- CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6619/252. Visto o informe conxunto, de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, de data 31/03/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:..."

Copia do documento - Concello de Vigo
2035-1102

Data impresión: 14/05/2026 12:54 Páxina 11 de 14

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



C.- Polo que respecta ao tratamento de residuos:

No día 01/01/2019 o Concello de Vigo estaba adherido ao sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos da cidade, xestionados coa Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do día 09/11/2017 no expediente 5372-252. Este acordo está accesible na sede electrónica, no apartado de actas da Xunta de goberno local do ano 2017 na seguinte ligazón:

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/actas_od_new.jsp?ano=2017&id=1

Débese acceder á acta do día 9 de novembro e localizar o punto décimo do acordo que se inicia co seguinte teor literal:

"10(2073).- PRÓRROGA DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO SISTEMA PROMOVIDO POLA ADMÓN. AUTONÓMICA PARA A XESTIÓN INSTITUCIONAL DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DE VIGO. EXPTE. 5372/252. Visto o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta do 26/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe dos Servizos Xurídicos-Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Limpeza e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:..."

Polo exposto, procede facilitar ao interesado a información contractual obxecto de publicidade activa segundo o recollido nos informes dos servizos.

Respecto a solicitude de acceso a información de reparos en materia de contratación a Intervención Xeral do Concello de Vigo en data 18.02.2026 emitiu informe no que sinala que " Dende 2019 non se teñen emitido reparos en materia de contratación" e " dende 2019 non se teñen tramitado expedientes de omisión de fiscalización previa".

Á vista do antedito debe lembrarse que, para que o dereito de acceso prospere resulta imprescindible que a información exista e se atope dentro do ámbito de dispoñibilidade dos órganos e entidades suxeitos á LTAIBG.

Neste sentido, o Consello de Transparencia e Bo Goberno vén establecendo en distintas resolucións que non existindo a información pública á que acceder non hai obxecto sobre o que proxectar o dereito, procedendo desestimar a solicitude (resolucións 92/2022, de 6 de xullo e 146/2022 de 20 de xullo entre outras).

Copia do documento - Concello de Vigo
2035-1102

Data impresión: 14/05/2026 12:54 Páxina 12 de 14

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude de acceso a información correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2024.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a solicitude formulada por [REDACTED] e facilitar ao acceso a información contractual solicitada mediante acceso aos enlaces indicados no apartado segundo das consideracións xurídicas e copia dixitalizada dos documentos remitidos polo servizo de Transporte en relación co contrato de transporte urbano.

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de acceso a información de reparos en materia de contratación en base ao apartado segundo das consideracións xurídicas.

TERCEIRO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 13 de 14

2035-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/05/2026 12:54

Páxina 14 de 14

2035-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>